

# Premios Torrente Ballester

## Guía coas obras gañadoras que se atopan na Biblioteca Provincial



Deputación  
DA CORUÑA

Biblioteca  
Deputación



# ÍNDICE

INTRIGA E MISTERIO.....	5
FANTÁSTICA.....	8
SOCIAL.....	9
VIDA COTIÁ.....	13
PSICOLÓXICA.....	19
AVENTURAS.....	22
BIOGRÁFICA.....	23
CIENCIA FICCIÓN.....	24

Desde o ano 1989, a Deputación da Coruña entrega o premio de Narrativa Torrente Ballester en homenaxe ao escritor nado en Ferrol en 1910, gañador do Premio Cervantes, o Premio Príncipe de Asturias das Letras e o Premio Nacional de Narrativa.

Este premio, concedido de forma anual, galardoa os escritores e escritoras de obras inéditas de narrativa en lingua galega e castelá. Esta constituído por unha dotación monetaria e coa publicación da obra.

A convocatoria de 2023 estivo vixente para presentar as solicitudes ata o 15 de maio de 2023. De todas as presentadas, foron seleccionadas dez obras en galego e doce en castelán, sendo concedido o XXXV Premio Torrente Ballester en castelán a *El silencio de las palabras*, de Anna María Blasco Rovira e a *Viaje alrededor de las aristas de un cuchillo*, de Jesús María Antón Ávila. Pola súa banda, o gañador do XXXV Premio Torrente Ballester en galego foi concedido a César Lorenzo Gil coa súa obra *Sábeme a salamántiga o ceo da boca*.

Durante estes anos, foron galardoadas 45 obras e a maioría delas podémolas atopar na nosa biblioteca. A relación dos premios por ano é a seguinte:

- I. 1989: Pedro Crespo: *La muerte en la boca*.
- II. 1990: Vlady Kociancich: *Todos los caminos*.
- III. 1991: Ignacio Martínez de Pisón: *Nuevo plano de la ciudad secreta*.
- IV. 1992: Víctor F. Freixanes: *A cidade dos Césares*.
- V. 1993: Antonio Pereira: *Las ciudades de Poniente*.
- VI. 1994: José María Parreño: *Las guerras civiles*.
- VII. 1995: Manuel Rivas: *Que me queres, amor?*
- VIII. 1996: Xosé Carlos Caneiro: *Un xogo de apócrifos*.
- IX. 1997: Fernando Palazuelos: *La trastienda azul*.
- X. 1998: Francisco Javier Guzmán Fernández: *Brigada Lincoln*.
- XI. 1999: Carlos Martínez Montesinos: *Una bandada de mujeres muertas*.
- XII. 2000: Xosé Vázquez Pintor: *A memoria do boi*.
- XIII. 2001: César Gavela: *El obispo de Cuando*.
- XIV. 2002: Rubén Abella: *La sombra del escapista*.
- XV. 2003: Xesús Constela Doce: *As humanas proporcións*.
- XVI. 2004: Luisa Castro: *Podría hacerte daño*.
- XVII. 2005: Andrés Barba: *Versiones de Teresa*.
- XVIII. 2006: José María Merino: *El lugar sin culpa*.
- XIX. 2007: Xosé Manuel Pacho Blanco: *A choiva do mundo*.


- XX. 2008: Carlos González Reigosa: *A vida do outro*.
- XXI. 2009: Milagros Frías Albalá: *El verano de la nutria*.
- XXII. 2010: José María Guelbenzu: *El hermano pequeño*.
- XXIII. 2011: Esther Bendahan Cohen: *Tratado del alma gemela*
- XXIV. 2012: Ernesto Pérez Zúñiga: *La fuga del maestro Tartini*.
- XXV. 2013: Jorge Eduardo Benavides: *El enigma del convento*
- XXVI. 2014: Berta Vias Mahou: *Yo soy el Otro*.
- XXVII. 2015: Blanca Riestra: *Greta en su laberinto*.
- XXVIII. 2016: Eli Ríos: *Luns* (galego)  
 Vicente Luis Mora: *Fred Cabeza de Vaca* (castelán)
- XXIX. 2017: Manuel Antonio Piñeiro Fernández: *A través do fume* (galego)  
 Fátima Martín Rodríguez: *El ángulo de la bruma* (castelán) ex aequo con Ana Rivera Muñiz: *Lo que callan los muertos* (castelán)
- XXX. 2018: Xabier López López: *900* (galego)  
 Dolores Torrano Vicente: *La Argentina que Dios quiere, viaje austro-atlántico* (castelán)
- XXXI. 2019: Antón Riveiro Coello: *O paraíso dos inocentes* (galego) ex aequo con Alexandre Alonso Alonso: *Crónica denigrante* (galego)  
 Miguel Sánchez Robles: *El síndrome de Hybris* (castelán)
- XXXII. 2020: X. Ricardo Losada Vicente: *O rosario e a buguina* (galego)  
 Clara Escajedo Pastor: *Lo que somos* (castelán)
- XXXIII. 2021: Raúl M. Santos Ageitos: *Cornucopia* (galego)  
 María Cureses de la Vega: *Ni luz ni llanto* (castelán)
- XXXIV. 2022: Amador Castro Moure: *Pronto hei de volver* (presentada co lema *Blam! Rosario de Chiquinquirá Fernández*) (galego)
- XXXV. 2023: César Lorenzo Gil: *Sábeme a salamántiga o ceo da boca* (galego)  
 Anna María Blasco Rovira: *El silencio de las palabras* (castelán) ex aequo con Jesús María Antón Ávila: *Viaje alrededor de las aristas de un cuchillo* (castelán)

# INTRIGA E MISTERIO

**TÍTULO: La muerte en la boca**

**AUTOR: Pedro Crespo**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: I Edición (1989)**




Este libro conta a historia do adolescente Daniel Terán, acomplezado, solitario, intolerante e intolerado, que descobre de pronto que se converteu nunha especie de deus coa facultade de dar morte a quen desexe, con só colocar unha foto da súa vítima na cheminea a modo de ofrenda. Así, o que comeza como unha broma, acaba nunha espiral de sangue e bebedeira de poder que se lle escapará das mans, mentres Daniel preguntase se é el o amo ou só o instrumento da “boca”.

**GAL/4039**

**TÍTULO: Una bandada de mujeres muertas**

**AUTOR: Carlos Martínez Montesinos**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XI Edición (1999)**



Na véspera da súa segunda voda, unha muller afronta o regreso da pantasma do seu primeiro marido. Cinco personaxes esperan nunha plataforma o mesmo tren e o mesmo home. Tres adolescentes tratan de atopar o asasino dun home de voracidade sexual insaciable. Unha dominatriz

insensible revela o seu verdadeiro corazón... Os relatos desenvólvense nun ambiente rural perdido nunha época onde non hai televisión e os nenos xogan na rúa cos animais.

**GAL/11171**

**TÍTULO: Podría hacerte daño**

**AUTORA: Luisa Castro**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XVI Edición (2004)**



Este libro está formado de pequenas historias case sen importancia: unha operación de xeonllo, unha inesperada patada no cu, a primeira mentira..., pero esas pequenas historias conforman un territorio misterioso, onde está a besta. Alí, ás veces, a violencia, a hipocrisía e a crueldade acometen coas súas obscenas garras. Pero tamén é un antídoto.

**GAL/12607**

**TÍTULO: El hermano pequeño**

**AUTOR: José María Guelbenzu**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XXII Edición (2010)**



Por que aparece o cadáver dunha bela ex-modelo erótica coas mans cortadas? Para evitar a súa identificación? Pero a xente do lugar reconécea sobre a marcha...Mariana de Marco terá que resolver esta contradición para instruír un caso que oscila entre o crime de paixón, o axuste de contas, a trata de brancas ou o resultado dunha mente enferma.

**GAL/5486**

**TÍTULO: Tratado del alma gemela**

**AUTORA: Esther Bendahan**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XXIII Edición (2011)**



Dous homes que non se coñecen reciben unha herdanza que os obriga a realizar un ha viaxe xuntos ata unha cidade do norte de Marrocos para recuperar unha antiga Torá perdida e así recuperar tamén o seu propio pasado.. Alí descubrirán un secreto esencial para entender as claves da súa identidade, e que os confrontará ao amor verdadeiro.

**GAL/16711**

**TÍTULO: El enigma del convento**

**AUTOR: Jorge Eduardo Benavides**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XXV Edición (2013)**




1814. Tras demostrar a súa fidelidade a Fernando VII en América combatendo contra os independentistas, o xeneral Goyeneche é chamado á corte española para axudar o monarca a combater o movemento liberal que pretende restaurar en España a Constitución de Cádiz. Pero nesos tempos convulsos todos se moven polo estreito fío que separa a lealdade e a traizón, e calquera pode ser acusado de conspirar contra o rei. Por iso, o xeneral tentará recuperar uns papeis comprometedores que están agochados no Perú e que poñen en perigo a súa persoa, o seu prestixio e o seu patrimonio.

**GAL/4573**

**TÍTULO: Lo que callan los muertos**

**AUTORA: Ana Lena Rivera**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XXIX Edición en castelán (2017)**



Gracia San Sebastián renunciou a unha exitosa carreira laboral en Nova York e regresou xunto ao seu marido Jorge ao seu Oviedo natal para exercer de investigadora de fraudes á Seguridade Social. O seu novo caso está relacionado co cobro da pensión dun militar franquista que sobrepasa os cento doce anos, cifra a todas luces sospeitosa. Mentres, na súa vida persoal, atoparase con novas vías no caso que o levarán a investigar o suicidio dunha veciña da súa nai.


**GAL/17202**

## FANTÁSTICA

**TÍTULO: Todos los caminos**

**AUTOR: Vlady Kociancich**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: II Edición (1990)**



Os escenarios desta obra teñen algo onírico e inquedo, parecen extraídos dos sonos de quen os habitan: as rúas antigas de Roma onde asistimos aos últimos días dunha muller, ou o bosque no que dous personaxes antagónicos buscan unha saída que en realidade só conduce á morte.

**GAL/4608**



# SOCIAL

**TÍTULO: Nuevo plano de la ciudad secreta**

**AUTOR: Ignacio Martínez de Pisón**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: III Edición (1991)**




Martín Salazar, protagonista e narrador, vive unha viaxe en busca da madurez e en pos dunha muller, a curmá Alicia, que secretamente orienta os pasos do mozo Salazar. O traxecto inicia coa lección sobre como finxir e progresa polos terreos da simulación. O propio Martín farase pasar por diversos personaxes que o devolverán a escenarios da infancia.

**GAL/4036**

**TÍTULO: Un xogo de apócrifos**

**AUTOR: Xosé Carlos Caneiro**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: VIII Edición (1996)**



Sabía que a soidade era un río fondo no que os seixos reflectían brillos de penuria, un espello cóncavo onde non encontraba o seu rostro tumefacto, o conxuro dos déngaros imposibles, o cristal traidor no courel da alma, martarañas correndo libres nas chairas azuis, cabalo desbocado, roda de


arame que tritura as veas portadoras de sangue limpo. Pero tamén as horas nas que ela non estaba, os silencios que xa non contiñan o seu respirar. Quérote, máis que nunca, quérote.

**GAL/11168**

**TÍTULO: A vida do outro**

**AUTOR: Carlos G. Reigosa**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XX Edición (2008)**




O protagonista, Miguel Cano Goiriz, vive nunha sociedade en transición e busca respostas para as súas preguntas esenciais. As experiencias e as teimas da súa existencia rematan nun berro radical de afirmación e redención. Porque Miguel, xornalista de éxito e testemuña insubornable do seu tempo, acaba por dexergar un descoñecido no espello. Por iso se revolve contra o que é para ousar converterse en si mesmo e recoñecerse como tal.

**GAL/14470**

**TÍTULO: A cidade dos Césares**

**AUTOR: Víctor F. Freixanes**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: IV Edición (1992)**



Entre 1776 e 1783 arredor de cincocentas familias de Galicia, Asturias e a Maragatería embarcaron na Coruña para ir poboar terras ao sur da provincia de Bos Aires. Alí crearon varios asentamentos, dos que unicamente sobrevive Nosa Señora do Carme de Patagones, na boca do río Negro. Cen anos despois, en 1885, o piloto de Noia, Basilio Vilariño, evoca aquelas xornadas dialogando co gaiteiro, Chinto de Muras, mentres o exército arxentino entra na antiga aldea de colonos, despois de

vencer na montaña a derradeira resistencia das tribos indíxenas. Diálogo entre defuntos, apenas sombras no medio do lameiro.

**GAL/4457**

**TÍTULO: La trastienda azul**

**AUTOR: Fernando Palazuelos**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: IX Edición (1997)**




París na segunda metade do século XIX, época de cambios que levarían o mundo á modernidade, configura o entorno da novela que explora, dende a ficción, a biografía de Julien Tanguy: un comerciante de cores que agrupou nunha tenda de Montmartre a algúns dos pintores do momento.

**GAL/11170**

**TÍTULO: Brigada Lincoln**

**AUTOR: Javier Guzmán**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: X Edición (1998)**




Cassius, un periodista negro americano, chega a Almedina, Teruel, para investigar a morte dun brigadista, Arthur Pinkerton, que ocorreu hai case sesenta anos durante a Guerra Civil. Raquel, bibliotecaria, culta e intelixente e con escasa experiencia vital, conduce a investigación histórica ata desvelar o apaixonante e cruel destino do brigadista. Ao mesmo tempo, enamórase de Cassius.

**GAL/10422**

**TÍTULO: El ángulo de la bruma**

**AUTORA: Fátima Martín Rodríguez**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XXIX Edición en castelán (2017)**




Claude Dufour, explorador francés, recibe atónito a carta do seu amigo Julien de Marivaux, morto hai trece anos, en 1724 tras a expedición a Canarias que situou o Meridiano de Orixe e que mediu por primeira vez o Teide. Así espertaron todos os segredos que os uniu a Emilia, a moza canaria que centrou os desvelos de ambos mozos.

**GAL/3024**

**TÍTULO: 900**

**AUTOR: Xabier López**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XXX Edición en galego (2018)**



Ambientada na primeira metade do século XX, fala da decadencia dun modo de vida e dun tempo que chega á súa fin: un pazo nas rías, a Compostela universitaria, o Flandres da Primeira Guerra Mundial, etc. Non só é unha aparente novela histórica, senón unha novela bélica, erótica, policíaca e chea de pantasmas nunha forma irónica sobre a fidalguía rural galega.

**GAL/20**

**TÍTULO: O paraíso dos inocentes**

**AUTOR: Antón Riveiro**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XXXI Edición en galego (2019)**



Marzo de 2016, en plena guerra de Siria, Alepo está dividida en dúas partes enfrentadas. No lado rebelde, a activista Amira loita por informar o mundo desde dentro da guerra e visita un orfo rescatado dos cascallos; no lado do réxime, Isam, un químico que traballa nunha fábrica de xabón, teme a notificación do Goberno para engrosar as filas do exército. Ao mesmo tempo en Bruxelas, días antes do atentado terrorista de Zaventem, Alicia topa indicios desacougantes que a fan temer pola vida da súa parella.


**GAL N 41**

## **VIDA COTIÁ**

**TÍTULO: Las ciudades de Poniente**

**AUTOR: Antonio Pereira**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: V Edición (1993)**




Esta obra reúne contos que se desenvolven en gran medida sobre o fondo do noso noroeste peninsular. As terras e os pobos, así como os numerosos personaxes destes relatos, son protagonistas de instantáneas de vida.

**GAL/11166**

**TÍTULO: A memoria do boi**

**AUTOR: Xosé Vázquez Pintor**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XII Edición (2000)**




O Campo do Boi, referente aínda vivo na Moureira pontevedresa, dá pé á imaxe simbólica do animal metafórico de Galicia: paso firme e vagoroso, resistencia, lealdade, forza...É unha obra polifónica, de voces e ecos que transparentan o diferente dentro desta vila de beiramar e río.

**GAL/11172**

**TÍTULO: El obispo de Cuando**

**AUTOR: César Gavela**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XIII Edición (2001)**




Vivía xunto ao mar. Erguíame cedo, cruzaba as rúas desertas e antes das oito xa estaba no meu escritorio do pazo episcopal das Palmas. Abandonábame na butaca de tea verde, pechaba os ollos e agardaba o presente da vida. Ese agasallo, ás veces, era só un sorriso, outras, a voz dun ancián de Arrecife.

**GAL/6690**

**TÍTULO: La sombra del escapista**

**AUTOR: Rubén Abella**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XIV Edición (2002)**




A obra entrelaza, de forma maxistral, os puntos de vista de catro personaxes nunha intelixente combinación de rexistros, que van desde o poético ao humorístico. Este libro transcende a anécdota argumental para falarnos, cun grao de concisión e expresividade, das falsas aparencias, das borrosas fronteiras do real, da sociedade en que vivimos e dos camiños tortos do amor.

**GAL/10773**

**TÍTULO: As humanas proporcións**

**AUTOR: Xesús Constela Doce**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XV Edición (2003)**



É un libro de relatos que nace do vínculo farturento entre literatura e imaxinación creadora. Narrativa que percorre todas as facianas da vida humana: o nacemento e a vellez, o corpo vivo e cambiante, tamén a desaparición e a morte, o poder e a busca da liberade, a violencia individual e a social, o amor e a parella.

**GAL/11394**

**TÍTULO: Que me quieres, amor?**

**AUTOR: Manuel Rivas**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: VII Edición (1995)**




O gran misterio das relacións humanas é o fio condutor: algúns relatos cunha dureza extrema, con dor e soidade, pero onde emerxen a tenrura e o humor como os mellores amuletos e as posibles salvacións dos males do mundo actual.

**GAL/5500 ; GAL/5830**

**TÍTULO: Versiones de Teresa**

**AUTOR: Andrés Barba**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XVII Edición (2005)**



O amor, a atracción física e a fascinación que senten Manuel e Verónica pola case nena adolescente Teresa vai máis aló do amor. Máis aínda cando descubrimos que ten unha discapacidade mental. A integración das dúas versións de Teresa compón esta novela na que conflúen a partes iguais a embriaguez e o canto co pánico, a melancolía inmensa de vivir co terror á transgresión e a aceptación da culpa.

**GAL/12547**



**TÍTULO: El lugar sin culpa**

**AUTOR: José María Merino**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XVIII Edición (2006)**



Fuxindo dun drama familiar, unha bióloga comeza a traballar nun laboratorio situado nunha illa case deserta...Neste espazo, o tempo segue máis o ritmo da natureza virxe que o dos seres humanos que habitan nela...Parece o lugar ideal para anular a memoria persoal e pasar páxina...Pero a chegada dun barco co corpo afogado dunha moza devolverá á protagonista a conciencia da realidade humana.

**GAL/13211**

**TÍTULO: A choiva do mundo**

**AUTOR: Xosé M. Pacho Blanco**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XIX Edición (2007)**



Novela coral, nacida do cruce dos xéneros máis diversos, é un mosaico feito con anacos de vida no que o amor e o desamor, a loucura, a soidade e a terra encárnanse en máis dun cento de personaxes de lugares e tempos dispares.

**GAL/13031**

TÍTULO: **Luns**

AUTORA: **Eli Ríos**

EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: **XXVIII Edición en galego (2016)**




Nerea pode considerarse unha muller con éxito: é funcionaria, ten unha filla e un fillo, casada e con casa propia. No entanto, un luns recibe un diagnóstico de cancro de mama que o cambia todo. Vai morrer e ten apenas dous meses por diante e mil cousas pendentas por facer, que non poden ficar sen resolver. Coa certeza da morte pairando en cada recuncho toma consciencia dunha realidade que non sempre é o que parece. Unha realidade oculta a plena luz do día.

**GAL/180**

TÍTULO: **A través do fume**

AUTOR: **Antonio Piñeiro**

EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: **XXIX Edición en galego (2017)**




Nina diríxese ao aeroporto flamengo de Zaventem para coller o voo de regreso a Santiago. Vai pensando nos motivos que a levaron ata alí. Unha ferverza de sensacións e emocións asoláгаа: maletas, viaxeiros, altofalantes, rótulos publicitarios e rostros que se confunden con outros rostros a través do fume doutra viaxe. A viaxe interior, a viaxe do tempo.

**GAL/7586**

**TÍTULO: Cornucopia**

**AUTOR: Raúl M. Santos**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XXXIII Edición en galego (2021)**



Polo motivo que fose colliches este libro e décheslle a volta para ver que pon na parte de atrás. Iso é o que se fai. Agora a min tócame contar un pouco de que vai e intentar convencerte para que o collas e o leas. O problema vén ser que esta é a mellor novela xamais escrita en ningún idioma, e, como todas estas, o problema é que non se pode dicir de que vai, pois todas as mellores novelas xamais escritas en ningún idioma van de nada e van de todo, coma esta.


**GAL N 118**

## PSICOLÓXICA

**TÍTULO: Las guerras civiles**

**AUTOR: José María Parreño**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: VI Edición (1994)**




É un libro imprevisible, excesivo, sincopado. Desaugadoiro textual no que xiran contos e poemas, debuxos e cancións, máis rápido e máis xuntos de cada vez. Historia que destrúe a cada paso o seu argumento. Autobiografía sen autor.

**GAL/7293**

**TÍTULO: Yo soy el otro**

**AUTORA: Berta Vias Mahou**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XXVI Edición (2014)**



Marzo de 1963. Aos seus dezaioito anos, o xienense José Sáez entrena nunha escola de toureiros co ánimo de converterse en matador. Un bo día descobre que a súa cara, aínda sendo a mesma de sempre, é a doutro home, Manuel Benítez, El Cordobés.

**GAL/5413**

**TÍTULO: Fred Cabeza de Vaca**

**AUTOR: Vicente Luis Mora**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XXVIII Edición en castelán (2016)**




Unha académica propónse escribir unha biografía sobre Fred Cabeza de Vaca. Para levalo a cabo, afúndese nunha investigación que pretende reconstruír a vida do artista finado, nun intento por descifrar o enigma detrás do artista e da persoa, ambos igualmente escorregadizos e polémicos.

**GAL/341**

**TÍTULO: Algo pasa en el mundo**

**AUTOR: Miguel Sánchez Robles**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XXXI Edición en castelán (2019)**



En forma de postal contemporáneo, esta novela constrúese a través da desenganada confesión dun mozo intelixente, culto e solitario que mira ao seu redor como o faría un anxo chegado recentemente á vida e asustado de todo canto ocorre na Terra.

**GAL/17627**

**TÍTULO: Lo que somos**

**AUTORA: Clara Escajedo Pastor**

**EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: XXXII Edición en castelán (2020)**



Unha trama na que varios personaxes tecen unha rede conectada entre eles. A muller dun executivo inicia unha relación co empregado de seguridade do edificio no que os tres traballan, establecendo unha relación de dependencia. Á súa vez, a esposa do garda falece nun accidente e estes feitos que permaneceron en segredo acabarán sobre a mesa dun inspector, xefe dun grupo de homicidios, a punto de xubilarse.

**GAL/17773**

# AVENTURAS

TÍTULO: **El verano de la nutria**

AUTORA: **Milagros Frías**

EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: **XXI Edición (2009)**



Clara, unha moza tradutora que acaba de romper coa súa parella, logra cun golpe de sorte superar a fochanca sentimental e económica que se produce tras a ruptura. Ao chegar as vacacións decide irse un mes a un paraíso terreal que o avión deixa a tiro de pedra, pero a viaxe tórcese e a aventura convértese nunha trágica experiencia.

**GAL/16692**

# BIOGRÁFICA

TÍTULO: **La fuga del maestro Tartini**

AUTOR: **Ernesto Pérez Zúñiga**

EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: **XXIV Edición (2012)**



Ano 1769, Giuseppe Tartini, un dos máis importantes músicos do século XVIII, autor da sonata coñecida popularmente como “O trino do Diablo”, rememora a súa vida cando presume que o tempo se lle esgota. A súa carreira como músico parecía seguir o camiño trazado cando coñece a un violinista extraordinario. Comeza entón unha viaxe que o leva a enfrontarse, co seu lado máis escuro, ata converterse nun personaxe fáustico.


**GAL/2369**

# CIENCIA FICCIÓN

TÍTULO: **Greta en su laberinto**

AUTORA: **Blanca Riestra**

EDICIÓN DO PREMIO TORRENTE BALLESTER: **XXVII Edición (2015)**



Ao desaparecer o seu irmán, Greta foxe de Nación, unha adusta vila de cerdeiras negras asediada polos bárbaros. Atravesa labirintos subterráneos e campos de batalla para ir na súa busca a Agar, unha cidade cega e sorda, dunha tristura eléctrica, tendas saqueadas e neóns rotos, onde só sobreviven quen carece de escrúpulos.

**GAL/15508**



**Biblioteca  
Deputación**

